

COMPOSICIÓN DA RESTAURACIÓN

Doc. 1.- Manifesto de Sandhurst (1874).

“Orfa a nación agora de todo dereito público e indefinidamente privada das súas liberdades, é natural que volva os ollos ó seu acostumado dereito constitucional (...).

Por todo isto, sen dúbida, o único que inspira xa confianza en España é unha monarquía hereditaria e representativa, mirándoa como insubstituíble garantía dos seus dereitos e intereses desde as clases obreiras ata as máis elevadas. (...)

Pola miña parte, debo ó infortunio estar en contacto cos homes e as cousas da Europa moderna, e se nela non alcanza España unha posición digna da súa historia (...) culpa miña non será nin agora nin nunca. Sexa a que sexa a miña propia sorte, nin deixarei de ser bo español, nin, como todos os meus antepasados, bo católico, nin, como home do século, verdadeiramente liberal”.

Doc. 2.- Constitución de 1876.

“Don Alfonso XII, pola gracia de Deus, Rey constitucional de España; a todos os que as presentes viren e entenderen sabede: Que en unión de acordo coas Cortes do Reino actualmente reunidas, vimos en decretar e sancionar (...)

Art. 11. A Relixión Católica, Apostólica, Romana é a do Estado. A Nación obrígase a manter o culto e ós seus ministros.

Ninguén será molestado en territorio español polas súas opinións relixiosas, nin polo exercicio do seu respectivo culto, salvo o respecto debido á moral cristiá.

Non se permitirá, porén, outras cerimoniais públicas cás da relixión do Estado .

Art. 18. A potestade de facer al leis reside nas Cortes co Rei.

Art. 19. As Cortes compóñense de dous corpos colexisladores, iguais en facultades: o Senado e o Congreso dos Deputados.

Art. 50. A potestade de facer executar as leis reside no Rei.

Art. 75. Uns mesmos Códigos rexerán en toda a Monarquía (...).”

Doc. 3. Benito Pérez Galdós critica o caciquismo en *Política española* (antoloxía de artigos), en 1884.

“Consecuencia deste sistema é o caciquismo, ou sexa o entronizamento de certos individuos nas localidades, os cales, como instrumento do deputado, son donos dos resortes administrativos. O cacique dá e quita míseros empregos que disfrutaban os máis pobres do pobo; seus son o carteiro, o secretario do Concello, o peón camiñeiro, o expendedor de efectos estancados. O cacique é quen ó facer o reparto da contribución carga a man no adversario, aliviando ó amigo, do que se orixina desgustos mil, e ás veces porrazos e ata puñaladas . Verdade que o tirano da aldea cansa a esta coas súas esixencias, ata o punto de que moitos representantes do país renegan da hora en que se meteron nestas lérias”.

Doc. 4.- Anos de eleccións e tipo de sufraxio

ANOS DE ELECCIÓNS E TIPO DE SUFRAXIO									
	Universal	Censatario				Universal			
Partidos	1876	1879	1881	1884	1886	1891	1893	1896	1898
Conservadores	333	293	39	318	67	262	61	279	84
Liberais	32	66	297	67	288	83	281	88	266
Republicanos	1	7	32	5	22	31	47	1	14
Outros	25	26	24	2	15	23	11	33	37
TOTAL de escanos	391	392	392	392	392	399	400	401	401

A Restauración é o período histórico que vai desde o retorno dos Borbón ó trono (1874) ata a ditadura de Primo de Ribera (1923). Dentro del, a etapa máis estable é a do reinado de Alfonso XII e o da rexencia de María Cristina de Habsburgo (durante a minoría de idade de Alfonso XIII). No reinado de Alfonso XIII (1902-1931) o sistema da Restauración entra en crise, manifestada a raíz do desastre do 98, e, a pesares das medidas propostas para rexenerar o país, os problemas esténdense. No ano 1923 Miguel Primo de Ribera, coa connivencia do rei, dá un golpe de estado e establece unha ditadura.

Durante o Sexenio Democrático (1868-1874), o líder do partido conservador, Antonio Cánovas del Castillo, prepara o restablecemento da monarquía. Descartada a posibilidade da volta da desacreditada Isabel II (destronada na Gloriosa), as esperanzas están postas no seu fillo, o príncipe Alfonso. Pero para que a volta da dinastía borbónica sexa posible, Cánovas ten que lograr a abdicación de Isabel II e conseguir os apoios precisos para a proclamación de Alfonso como rei. A inestable situación política da I República favorecen as expectativas de Cánovas del Castillo, que consegue a abdicación de Isabel II (xuño 1870) e que Alfonso asine na academia militar onde cursaba estudos o *Manifiesto de Sandhurst* (**Doc. 1**). No Manifiesto, escrito por Cánovas, o futuro rei promete unha monarquía constitucional (**Doc. 1**: “*o único que inspira xa confianza en España é unha monarquía hereditaria e representativa*”) e preséntase como bo español, católico e liberal (**Doc. 1**: “*Sexa a que sexa a miña propia sorte, nin deixarei de ser bo español, nin, como todos os meus antepasados, bo católico, nin, como home do século, verdadeiramente liberal*”). Mentres Cánovas del Castillo preparaba, aténdose á legalidade e con apoio maioritario, a restauración da monarquía borbónica, os feitos precipítanse co pronunciamento en Sagunto do xeneral Martínez Campos proclamando a restauración borbónica na persoa de Alfonso XII. Coa restauración da monarquía tamén se restablece o liberalismo doutrinario, defendido pola oligarquía económica.

O novo réxime da Restauración ideado por Cánovas del Castillo debía asegurar o trono dos Borbón e evitar as loitas entre as tendencias liberais que levaran a tantos pronunciamentos e cambios constitucionais. Para garantir a estabilidade, o sistema debía sustentarse en dous principios básicos: a Coroa, que representa a tradición e a autoridade, e as Cortes, que representan a vontade do pobo. Ambas equilibraríanse, conformarían a soberanía e colaborarían no exercicio do poder.

O sistema político da Restauración pretendía superar os problemas do liberalismo precedente: carácter partidista e excluínte dos moderados durante o reinado de Isabel II, intervencionismo militar na vida política (pronunciamentos), frecuentes cambios constitucionais e enfrontamentos civís... O sistema de Cánovas, inspirado no seu admirado modelo británico, baséase na existencia de dous grandes partidos, o conservador e o liberal, ideoloxicamente moi parecidos (defensa da monarquía, da constitución, da propiedade privada, da consolidación do estado liberal unitario e centralista...), aínda que o conservador era máis proclive ó inmovilismo político, ó catolicismo e ó mantemento da orde social; mentres que o liberal era máis partidario dun reformismo progresista e laico. Os dous son partidos de notables, de minorías organizadas arredor dun líder. O partido conservador, liderado por Cánovas del Castillo, aglutinaba ós sectores máis conservadores e tradicionais (agás os carlistas) e tiña os seus apoios nas elites económicas e na clase media acomodada. O partido liberal, liderado por Sagasta, reunía ós antigos progresistas, ós unionistas e a algúns ex republicanos moderados e tiña máis aceptación entre as clases medias, sobre todo entre os profesionais liberais.

Para desenvolver o sistema canovista houbo que derrogar a Constitución de 1869 e aprobar outra pactada entre as Cortes e a Coroa, a Constitución de 1876 (**Doc. 2**), que, inspirada na de 1845 e no pensamento de Cánovas, vai estar vixente ata a da II República (1931), aínda que durante a ditadura de Primo de Ribera estivo suspendida. Na Constitución de 1876 establécese a soberanía compartida (rei e Cortes) do liberalismo doutrinario (**Doc. 2** “*Art. 18. A potestade de facer as leis reside nas Cortes co Rei*”). A Coroa, ademais de compartir o poder lexislativo coas Cortes (**Art. 18**) e ter dereito de veto, ostenta o poder executivo (“*Art. 50. A potestade de facer executar as leis reside no Rei*”), polo que nomea e cesa ós ministros, que deben contar coa confianza das Cortes, ante as que son responsables. As Cortes son bicamerais (“*Art. 19. As Cortes compóñense de dous corpos colexisladores, iguais en facultades: o Senado e o Congreso dos Deputados*”). O Senado está formado por senadores vitalicios designados polo rei a proposta do goberno, senadores por dereito propio por exercer un alto cargo e senadores electos de entre os maiores contribuíntes. O Congreso está constituído polos deputados elixidos polos cidadáns con dereito de voto. Establece tamén a confesionalidade católica do Estado, e por tanto o mantemento do culto e clero católico (“*Art. 11. A Relixión Católica, Apostólica, Romana é a do Estado. A Nación obrígase a manter o culto e ós seus ministros*”) e aínda que tolera a práctica doutras relixións, sempre que respecten as crenzas católicas (“*Ninguén será molestado en territorio español polas súas opinións relixiosas, nin polo exercicio do seu respectivo culto, salvo o respecto debido á moral cristiá.*”), prohibe as manifestacións públicas doutros cultos (“*Non se permitirá, porén, outras cerimoniais públicas que as da relixión do Estado*”). Establece un estado unitario e centralista (“*Art. 75. Uns mesmos Códigos rexerán en toda a Monarquía*”). Conta así mesmo cunha extensa declaración de dereitos (imprensa, reunión, asociación, petición...), pero a súa

concreción queda referida a posteriores leis ordinarias que en xeral tenderon a restrinxilos (sobre todo nos períodos de goberno dos conservadores).

Tratábase dunha constitución flexible, que podía ser modificada con facilidade, e redactada de forma imprecisa (non se concreta o tipo de voto nin se precisan os dereitos) para que gobernos de distintas tendencias ideolóxicas puidesen exercer o poder executivo sen ter que promulgar outra carta magna.

Para a estabilidade do sistema canovista é imprescindible a quenda pacífica (*turnismo*) ou alternancia no poder dos dous partidos dinásticos ou gobernamentais (o conservador e o liberal). O sistema, para garantir esta alternancia no poder dos dous grandes partidos liberais, invertía a orde das eleccións e formación do goberno. Nun sistema parlamentario, primeiro convócanse e realízanse as eleccións e, dependendo dos resultados, constitúense as cámaras; e logo o partido maioritario ou aquel que obtén a maioría dos apoios nas Cortes é o encargado de formar goberno. Na Restauración, cando o partido no goberno sufría desgaste político era cesado polo rei, que encargaba ó líder do partido da oposición a formación do goberno. O novo presidente do executivo convocaba eleccións co obxectivo de garantir o apoio da maioría das Cortes e asegurarse así un goberno estable. Desde o momento do cambio de goberno poñíase en marcha o proceso electoral. O ministro da gobernación elaboraba (cociñaba as eleccións, facía o puchero) a relación de candidatos que debían ser elixidos en cada circunscrición (tanto do partido no goberno como da oposición) e transmitía esta relación ós gobernadores civís de cada provincia. Os gobernadores comunicaban ós alcaldes a lista de candidatos ministeriais e valíanse dos caciques (**Doc. 3**) para que o proceso dese o resultado previsto (Doc. 3: “*Consecuencia deste sistema é o caciquismo, ou sexa o entronizamento de certos individuos nas localidades, os cales, como instrumento do deputado, son donos dos resortes administrativos*”). Os caciques, persoas que pola súa posición económica, traballo ou cargo poden favorecer ou obstaculizar as actividades dun cidadán (Doc. 3: “*O cacique dá e quita míseros empregos que disfrutaban os máis pobres do pobo; seus son o carteiro, o secretario do Concello, o peón camiñeiro, o expendedor de efectos estancados. O cacique é quen ó facer o reparto da contribución carga a man no adversario, aliviando ó amigo*”), xunto coas autoridades (políticos) e forzas da orde (policía, garda civil) valíanse de calquera artimaña para gañar as eleccións: alteración do censo (incluíndo persoas falecidas, os “lázaros”, e excluindo as vivas para que non puidesen votar), manipulación das actas electorais, introdución de papeletas na urna, compra de votos, coaccións (imposibilitar a propaganda, impedir intervencións...) e ameazas ó electorado, incluíndo as físicas... O caciquismo existiu en todas partes, pero foi máis intenso nas zonas rurais e especialmente en Andalucía, Galicia e Castela, onde boa parte da poboación estaba supeditada ó poder do cacique local, que controlaba o concello, emitía informes e certificacións persoais, controlaba o sorteo de quintas, propoñía o reparto das contribucións, proporcionaba traballos, axilizaba ou entorpecía trámites administrativos... O cacique agradecía a fidelidade electoral e o respecto ós seus intereses con “favores” e sancionaba a aqueles que non o apoiaran.

Esta alternancia no poder, pactada entre conservadores (Cánovas del Castillo) e liberais (Sagasta), viuse favorecida polo restablecemento do sufraxio censatario, aínda que a manipulación das eleccións continuou despois de que se aprobase o sufraxio universal masculino (1890), polo peso dos distritos rurais fronte ós urbanos, polo desencanto dos partidos á marxe do sistema (republicanos, socialista, nacionalistas, carlistas) a participar nunhas eleccións amañadas, pola baixa participación (menos do 20%)...

A quenda funcionou con regularidade entre 1876 e 1898 (**Doc. 4**). O partido conservador estivo no goberno ata 1881 e volveu en 1884, pero nesta lexislatura a morte prematura de Alfonso XII (1885) facía perigar o sistema. Para asegurar a súa pervivencia durante a rexencia de María Cristina de Habsburgo, conservadores e liberais subscribiron o *Pacto do Pardo* e Cánovas cedeu o goberno a Sagasta. Ata finais da década dos 90, a alternancia no poder funcionou regularmente, pero o asasinato de Cánovas (1897) e a morte de Sagasta seis anos despois provocou a descomposición dos dous partidos, que dependían demasiado do peso dos seus líderes.

A quenda pacífica eliminou o recurso ós pronunciamentos e a intromisión dos militares na vida política. O poder militar quedou, en aparencia, supeditado ó poder civil, pero a cambio o xeneralato obtivo a liberdade absoluta nos asuntos internos dos militares. Tamén se potenciou a identificación do rei como cabeza do exército, polo que tiña que cursar estudos militares.

Á estabilidade do sistema da Restauración contribuíu o remate das guerras carlistas e cubana. O esforzo militar do primeiro goberno de Cánovas, rematou cos núcleos carlistas do nordeste peninsular, Carlos VII marchou o exilio e que algúns carlistas recoñeceron como rei a Alfonso XII. A insurrección cubana rematou coa firma da Paz de Zanjón, que incluía reformas para permitir a Cuba ter representación nas Cortes españolas, pero o atraso destas reformas provocará a renovación do conflito, que acabará coa independencia de Cuba (e das outras colonias españolas: Puerto rico, Filipinas e Guam) en 1898, durante o último goberno de Sagasta.